



## DECRETO DA PRESIDENCIA

**ASUNTO:**CONTRATACIÓN DO SEGURO DE DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA..

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000421

**EXPEDIENTE ORIXE:** 2024/C006/000004

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe-proposta da Xerencia de data 13.08.2024, do seguinte teor literal:

*<<(…)En relación co expediente relativo á contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña , emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e artigo 16 dos Estatutos reguladores do Consorcio, con base aos seguintes,*

## ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Logo de ver a memoria xustificativa da necesidade de contratación considerase que existe a seguinte necesidade a satisfacer:

*“(…)A presente contratación responde a unha necesidade estrutural básica do Consorcio, e a súa duración no tempo esixe unha contratación conforme aos procedementos ordinarios regulados pola Lei 9/2017 . ”*

SEGUNDO.-Logo de ver a memoria xustificativa e de acordo co establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

*“(…) O actual contrato de seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Consorcio, finaliza a súa vixencia o 30 de setembro de 2024 polo que se propón unha nova contratación polo **procedemento de urxencia** ao obxecto de que inicie a súa vixencia con data 1 de Outubro de 2024.(…) ”*

TERCEIRO.- Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

**Tipo de contrato:** Contrato privado.

**Obxecto del contrato:** A presente licitación ten por obxecto a contratación dun seguro que garanta as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade patrimonial do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, segundo a normativa legal vixente, que durante a vixencia do seguro poida corresponder directa, solidaria ou subsidiariamente ao Asegurado, por danos e prexuízos corporais e/o materiais e/o consecuenciales, causados a terceiros por acción ou omisión, no exercicio da súa actividade; quedando así mesmo garantida a Responsabilidade civil do Asegurado polos danos causados no patrimonio de terceiros que non sexan consecuencia dun previo dano corporal e/o material.

**Procedemento de contratación:** aberto

**Tipo de Tramitación:** urxente

**Código CPV:** 66510000-8 Servicios de seguros

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gl/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público



<b>Valor estimado do contrato:</b> 123.000 €	
<b>Presuposto base de licitación IVA excluído:</b> 45.000 €	<b>IVE%:</b> O contrato está exento de IVE, en virtude do disposto no artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.
<b>Presuposto base de licitación IVA incluído:</b> 45.000 €	
<b>Duración da execución:</b> un ano, desde as cero horas do día 1 de outubro de 2024 ata as 24 horas do día 30 de setembro de 2025.	

TERCEIRO.- Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data
Memoria xustificativa do contrato	13.08.2024
Informe de cumprimento estabilidade e sustentibilidade	13.08.2024
Prego prescricións técnicas	13.08.2024
Prego de cláusulas administrativas	13.08.2024
Informe xurídico	
Informe de fiscalización previa	

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— *Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

— *O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

— *O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).*

— *Os Estatutos reguladores do Consorcio.*

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo presidente de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento



xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e o artigo 16 dos Estatutos do Consorcio, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Declarar conforme o disposto no artigo 119 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 a **urxencia da contratación**.

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, convocando a súa licitación.

**TERCEIRO.** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

**SEXTO.** De conformidade co acordo plenario de 21.10.2021, remitir o expediente completo ao servizo de Contratación da Deputación Provincial da Coruña para a continuación coa súa tramitación e ata a formulación da proposta de adxudicación.>>

Logo de ver que con data 13.08.2024 se emitiu informe xurídico e con data 13.08.2024 informe de fiscalización previa pola Secretaría Intervención, mediante o presente

#### RESOLVO :

**PRIMEIRO é único.-** Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,  
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,  
Asdo.: M<sup>a</sup> Graciela Riveiro Moreira.